



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA A REALIZACIÓN DUNHA ESCAVACIÓN E CONSOLIDACIÓN ARQUEOLÓXICA NO CASTRO E MOSTEIRO DE CÁLAGO (VILANOVA DE AROUSA, PONTEVEDRA).**

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura el Turismo, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou co concello de Vilanova de Arousa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Vilanova de Arousa, **a realización dunha escavación arqueolóxica no castro e mosteiro de Cálago (Vilanova de Arousa, Pontevedra).**

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A través deste convenio de colaboración preténdese realizar os traballos necesarios para contribuír á recuperación patrimonial do castro e mosteiro de Cálago. A dita intervención arqueolóxica estará dividida en dúas fases:

- 1ª fase: Realización dunha escavación arqueolóxica en 3 sectores da terraza norte do xacemento arqueolóxico que supoñen unha superficie de actuación de aproximadamente 130 m2.
- 2ª fase: Realización da consolidación provisional das estruturas arqueolóxicas exhumadas na fase anterior en base aos preceptos internacionais establecidos para as intervencións en xacementos arqueolóxicos de mínima intervención e reversibilidade

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia financiará as actividades descritas con cargo á aplicación orzamentaria **10.21.433A.760.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, cunha achega máxima de **30.000 €** no ano 2018.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública, xa que o xacemento arqueolóxico atópase incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural dado que forma parte do catálogo de bens culturais das Normas subsidiarias de planeamento do concello de Vilanova de Arousa aprobadas no ano 1997 (BOP 05/05/1997). Ademais aparece no inventario de xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural coa clave GA36031007, razón pola que está incluído no plan estratéxico para a protección e a conservación do patrimonio cultural de Galicia dentro do obxectivo operativo 2 “conservar o patrimonio cultural galego”





dentro das propostas de actuacións que a consellería pretende desenvolver no patrimonio arqueolóxico de Galicia, en colaboración cos concellos, elaborada pola Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e cumpre con todos os criterios obxectivos fixados nesta programación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

